



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE  
SANTIAGO

## BASES REGULADORAS DOS PREMIOS SANTIAGO DEPORTE 2019

---

Os Premios Santiago Deporte teñen o obxectivo de distinguir o labor de deportistas, entidades, centros educativos e empresas que ao longo do presente ano destacaron pola súa contribución ao desenvolvemento do deporte no concello de Santiago.

Con este fin defínense unhas categorías de premios que se regularán a través das seguintes bases.

### **Primeira:** OBXECTO E CONTIDO

---

O Concello de Santiago de Compostela concede os Premios Santiago Deporte co **fin de recoñecer publicamente** as persoas, entidades, centros educativos e empresas que polo seu labor desenvolvido ao longo da tempada 2018/19 ou no ano 2019, segundo a modalidade deportiva que corresponda, contribuíron moi positivamente ao fomento da práctica de actividade física e do deporte entre a poboación compostelá.

Os premios consistirán nun diploma acreditativo e unha medalla conmemorativa personalizada que serán entregados nun acto público.

### **Segunda:** CATEGORÍAS

---

Establécense as seguintes categorías:

1. **DEPORTISTA FEMININA CATEGORÍA BASE**
2. **DEPORTISTA MASCULINO CATEGORÍA BASE**
3. **DEPORTISTA FEMININA**
4. **DEPORTISTA MASCULINO**

Enfocadas para aqueles deportistas que durante a tempada 2018/19 ou ano 2019, segundo a modalidade deportiva que se considere, despuntasen polos seus logros, éxitos e triunfos deportivos ou por outros méritos que o xurado considere que os fan acredores deste galardón.

En calquera dos catros supostos as persoas candidatas deberán cumprir con algún dos seguintes requisitos:

- Teren nacido en Santiago de Compostela
- Estaren empadroadas no municipio durante os últimos tres anos
- Pertenceren a unha entidade deportiva compostelá durante os últimos tres anos

5. **ENTIDADE DEPORTIVA MÁIS DESTACADA** que na tempada 2018/19 ou ano 2019, segundo a modalidade deportiva que se considere, acadase resultados meritorios na súa disciplina, sexa recoñecida pola súa promoción do deporte en Santiago ou organizase un evento deportivo de significativa transcendencia e repercusión social. Requisitos para seren candidatas:

- Ter a sede en Santiago de Compostela
- Estar inscrita no rexistro municipal de asociacións



6. **ADESTRADOR/A MÁIS DESTACADO/A** que sobresaíse durante a tempada 2018/19 ou ano 2019, segundo a modalidade deportiva que se considere, polos triunfos, logros ou éxitos do seu club ou do/a deportista ao que adestre.  
As candidaturas deberán cumprir con algún dos seguintes requisitos:
  - Ter nacido en Santiago de Compostela
  - Adestrar un equipo ou deportista compostelán durante os últimos dous anos
7. **ÁRBITRO/A XUÍZ/A MÁIS DESTACADO** que sobresaíse durante a tempada 2018/19 ou ano 2019, pola súa traxectoria deportiva e humana no desempeño do seu labor con independencia da modalidade deportiva da que se trate.  
As candidaturas deberán cumprir con algún dos seguintes requisitos:
  - Teren nacido en Santiago de Compostela
  - Estaren empadroadas no municipio durante os últimos tres anos
8. **PATROCINIO DEPORTIVO.** Á entidade pública ou privada recoñecida pola súa vinculación, promoción e apoio ao deporte compostelán, sexa de forma directa patrocinando clubs e deportistas da cidade ou pola súa colaboración con entidades no desenvolvemento de actos ou eventos deportivos puntuais.
9. **ACTIVIDADE OU ACCIÓN SOCIAL.** Ao club, asociación, persoa física ou entidade pública ou privada que durante o ano 2019 destacase no desenvolvemento de actividades/programas de carácter benéfico, ou favorecese a cohesión social, ou promóvese os valores deportivos.
10. **DEPORTE ADAPTADO.** Ao club, deportista, asociación, persoa física ou entidade pública ou privada que durante o ano 2019 sobresaíra polos méritos deportivos ou pola promoción e fomento do deporte adaptado.
11. **ENTIDADE EDUCATIVA.** Ao centro de ensino, público ou privado, que se distingue no ano 2019 por impulsar os valores do deporte no ámbito educativo, tanto internamente como no resto do municipio.
12. **HONORÍFICO Á TRAXECTORIA DEPORTIVA.** Recoñecemento de carácter individual á persoa que destacase pola súa traxectoria en calquera ámbito do deporte compostelán.

### **Terceira: MENCIÓNS ESPECIAIS**

---

O Comité Avaliador poderá recoñecer a título individual ou colectivo aquelas persoas ou entidades que levasen a cabo un labor ou desenvolvesen unha actuación digna de ser destacada. Poderán optar ás mencións tanto deportistas individuais como equipos, clubs, directivos/as, técnicos/as, árbitros/as, xornalistas, empresas, institucións patrocinadoras ou calquera outro estamento relacionado co mundo do deporte que acreditase pola súa valía ou polo seu labor, ser merecedor do devandito recoñecemento.

O Comité Avaliador poderá outorgar ata un máximo de dúas mencións.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



#### **Cuarta:** COMITÉ AVALIADOR

---

O Comité Avaliador encargado de outorgar estes premios estará constituído por:

**Presidencia de honra:** alcalde de Santiago

**Vicepresidencia:** concelleira de Deportes

**Vogais:**

- Unha persoa representante de cada un dos grupos políticos con representación municipal.
- Unha persoa representante da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.
- Unha persoa representante da Deputación da Coruña.
- Unha persoa representante da Universidade de Santiago.
- Unha persoa representante de cada un dos medios de comunicación con sede local en Santiago.

**Secretaría:** actuará como secretaría deste comité, con voz e sen voto, un/unha funcionario/a do Concello de Santiago.

#### **Quinta:** PROPOSTAS DAS CANDIDATURAS

---

Unha vez que a Xunta de Goberno da Cidade de Santiago aprobe estas bases, serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Departamento de Deportes <http://deportes.santiagodecompostela.gal/gl>. Poderán formular propostas os membros do Comité Avaliador, as entidades deportivas inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións de Santiago e as federacións deportivas galegas.

Desde o Departamento de Deportes, contactarase coas diferentes federacións galegas e cos clubs da cidade, co obxectivo de coñecer os resultados acadados por deportistas e/ou entidades da cidade.

Todas as candidaturas deberán proporcionar un breve currículo no que se reflectan os méritos alegados, as actividades realizadas e/ou os resultados obtidos no período ao que se refiren os premios.

A proposta de candidaturas deberán presentarse dentro do prazo previsto na convocatoria, é dicir, desde o día seguinte da publicación das bases até as 14 horas do día 30 de decembro de 2019, a través do formulario normalizado que se inclúe como anexo I, dispoñible na páxina <http://deportes.santiagodecompostela.gal/gl>. As propostas poderán entregarse en calquera dos rexistros do Concello:

- Rexistro Xeral: Rúa do Presidente Salvador Allende, 4 baixo (Galeras)
- Rexistro Auxiliar do Ensanche: Rúa de Frei Rosendo Salvado, 14-16 (Centro Sociocultural do Ensanche).

Non se admitirá ningunha candidatura fóra de prazo. A presentación de candidaturas implica a total aceptación destas bases.

O Departamento de Deportes do Concello de Santiago, elaborará un documento resumo coa totalidade das candidaturas propostas. Este documento será enviado a todas as persoas que forman o Comité Avaliador para o seu estudo e valoración.



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



## **Sexta:** OUTORGAMENTO DOS PREMIOS

---

O outorgamento dos premios deberá ser acordado de maneira unánime polo Comité. De non ser así, será suficiente acadar o voto favorable da maioría simple das persoas presentes.

Con carácter xeral, e co obxectivo de dar unha maior visibilidade á totalidade do deporte compostelán, non poderán volver ser elixidos os premiados das últimas 3 edicións, agás que concorra a realización dun logro transcendente, un recoñecemento excepcional e/ou unha causa sobrevida que xustifique de forma incuestionable a repetición na concesión do premio.

O Comité poderá acordar deixar deserta algunha das categorías.

Unha vez realizada a votación e elixidos os premiados, os membros do Comité deberán respectar a confidencialidade das deliberacións.

## **Sétima:** COMUNICACIÓN DOS PREMIADOS

---

O Concello de Santiago, a través do seu Departamento de Deportes, comunicarlles ás persoas galardoadas a concesión dos premios, que serán entregados nun acto público que se desenvolverá inicialmente no primeiro trimestre de 2020.

### **Disposición final.**

Facúltase ao Comité Avaliador para interpretar ou resolver calquera cuestión relativa a estas bases.